

# IMAXINARIOS SOCIO-POLÍTICOS NAS ELECCIÓNS PRESIDENCIAIS FRANCESAS DE 2002

Paloma Prado Pichel

*Universidade de Santiago de Compostela  
Departamento de Ciencias da Comunicación*

*Este artigo pretende analizar as circunstancias electorais inherentes ós comicios presidenciais franceses do ano 2002, co obxectivo de establecer as causas que propiciaron o acceso dun candidato de extrema dereita á segunda volta. Dende a perspectiva académica da comunicación política, e a través da ferramenta sociolóxica da teoría dos imaxinarios, estas páxinas interpretan o papel xogado polos medios de comunicación de masas na configuración dos fenómenos cognitivos e dos procesos sociais asimilados polo electorado. O estudio empírico de diferentes soportes a través dunha metodoloxía específica vén confirmar a hipótese de partida: os valores tradicionalmente ligados á República francesa, profusamente exacerbados pola Fronte Nacional de Le Pen, provocaron unha reacción rupturista que asegurou un voto de protesta altamente desestabilizador.*

***Palabras clave:** Comunicación política, eleccións-Francia, imaxinarios sociais, República francesa, teoría de sistemas, medios de comunicación*

*The purpose of this paper is to analyse the electoral circumstances inherent to the 2002 French Presidential Election, in order to discover the causes that led to the rise of a far-right candidate on the second round. From the academic perspective of Political Communication, and throughout the use of sociological instruments taken from the 'theory of imaginaries', these pages interpret the role played by the mass media in the configuration of the cognitive phenomena and the social processes assimilated by the electorate. The study of different media outlets by using a specific methodology confirms the initial hypothesis: the values that are traditionally linked to the French Republic, greatly exaggerated by Le Pen's National Front, led to a breaking reaction that assured a highly destabilising vote of protest.*

***Key words:** Political Communication, French-elections, social imaginaries, French Republic, theory of systems, mass media*

## 1. O ESTUDIO SOCIO-POLÍTICO DOS IMAXINARIOS. ESTADO DA CUESTIÓN

O estudio socio-político dos imaxinarios xorde no contexto da teoría xeral de sistemas, que supera a distinción académica clásica entre materialismo e idealismo para propoñer un novo modelo de cons-

trucción da realidade. O funcionalismo sistémico, desenvolvido durante case catro décadas polo sociólogo xermano Niklas Luhmann, constitúe unha teoría herdeira do funcionalismo estrutural de Talcott Parsons (que concluíu que a construción de estruturas sociais se realiza en forma dun "sistema" apoiado sobre a "acción"

weberiana). Carlos Cañeque explica que “a teoría funcional pretende dar sentido ás partes como funcións dentro da totalidade social [...]. Desta forma, o funcionalismo cuestiónase a función que cumpre un elemento dentro do sistema, como diminúe ou acrecenta determinados conflitos e en que medida tende a conservar os valores predominantes”<sup>1</sup>. Este enfoque posúe o gran valor de ter construído un modelo teórico perdurable e de aplicación transdisciplinaria, principalmente no ámbito da socioloxía e da política e máis recentemente nas ciencias da comunicación.

Así mesmo, engade Cañeque, “a aproximación teórica da teoría xeral de sistemas pode ser entendida como un intento de enriquecer os prantexamentos básicos do funcionalismo”<sup>2</sup>. Segundo Niklas Luhmann, “este funcionalismo estrutural incluía, ademais, unha limitación sería: non se podía preguntar pola función da estrutura mesma”<sup>3</sup>. A teoría xeral de sistemas, que fala dunha estrutura (a social) formada por subestructuras e as conexións que entre elas se establecen, constitúe por tanto unha aposta máis arriscada por parte da socioloxía xeral. O funcionalismo sistémico supón unha reformulación da liñalidade sociolóxica clásica: Luhmann substitúe o principio da identidade polo da diferenza e introduce a variable do tempo na descrición social. Desta maneira fai posible que aquilo que constitúe unha evidencia poida ser aprehensible empiricamente, a través da distinción entre “relevancias” e “opacidades”, sendo estas últimas as que debemos converter nas primeiras. Dunha maneira xeral, o funcionalismo sistémico describe unha estrutura no medio da cal deben convivir as informacións negativas (críticas con el) e as positivas (a favor ou conservadoras), o que dá lugar a dúas realidades, a explícita e a velada, denominacións que varían segundo o autor.

Esta estrutura descrita “recibe información sobre a súa acción a través dun

movemento de retroalimentación, que lle fai cambiar as súas propias configuracións políticas”. Por ende, “as informacións que resultan da acción entre o sistema e o medio son recibidas pola colectividade. Esta asimílaas, reflexiona e critica –especialmente a través dos medios de comunicación– chegando a sedimentar unha «opinión pública» que, dado o caso, volverá formular demandas ó sistema”<sup>4</sup>. As teorías sistémicas resultan pois útiles para poder confeccionar modelos conceptuais con visos de lograr explicar a gran complexidade das sociedades contemporáneas, pois as variadas conexións entre os sistemas e subsistemas, de evolución crecente, precisan de novos enfoques que o mero funcionalismo, e por suposto o conductismo, xa non son capaces de xustificar.

Nesta liña se insire unha nova explicación dos procesos de construción social que xorde no derradeiro cuarto do século XX: a teoría dos imaxinarios sociais. Os imaxinarios sociais son entes, empíricos, e polo tanto perceptibles, pero non dende o significado tradicional que entraña o uso deste adxectivo; conviven nesa cara velada da realidade e forman parte dela de facto, polo que trazar unha definición é unha tarefa complexa. Recentemente, Juan Luis Pintos<sup>5</sup> efectuou unha proposta, aínda sometida a revisión: “Os imaxinarios sociais serían aqueles esquemas construídos socialmente que nos permiten percibir, explicar e intervir operativamente no que en cada sistema social se considere como realidade”<sup>6</sup>. Pintos continúa a explicar configuración dos mesmos: “Unha das características dos imaxinarios é que o seu modo de ser non é o da presenza senón o da ausencia: os imaxinarios nunca están aí, dispoñibles, patentes, observables, senón que forman parte dos supostos, aquilo “natural” (ou “naturalizado”) que se supón como existente e cuxa realidade non se cuestiona. Os imaxinarios sociais en ocasións están tan asumidos que resultan moi difíciles de visualizar [...]”.

A súa observación, que precisa do marco constructivista do coñecemento de Niklas Luhmann, implica unha análise retórica do discurso inserido nun universo simbólico dado, que debe pertencer ás referencias inmediatas (natural ou artificialmente adquiridas) do investigador social, e que se descodifica a través da percepción. É algo que “se está a supoñer” a priori, o que se trata é de atopar o seu correspondente a posteriori. Como toda realidade é construída socialmente; os imaxinarios forman parte das nosas “sociedades policontexturais”, citando novamente a Juan Luis Pintos, que son “aquelas nas que se produce a posibilidade formal de diferentes observacións simultáneas e renúnciase, por tanto, á seguridade última da unidade de observación [...]. Nunha sociedade policontextural a diferenciación non contempla un horizonte dentro do cal algunha actividade parcial poida pensarse como esencial, pois todas o son”<sup>7</sup>. Esta realidade socialmente producida, segundo as teorías de Miguel Beltrán, “está constituída por elementos materiais e simbólicos, nunha mestura interactiva que só a efectos analíticos é separable”. E o método adecuado para coñecela a través dos imaxinarios sociais antóllase o cualitativo, unha das cinco vías que Beltrán contempla a tal efecto, e que require “acomodar a vista para poder dirixir á realidade social unha ollada hermenéutica, unha ollada capaz de percibir o significado que as cousas teñen para nós: a súa dimensión cualitativa”<sup>8</sup>. Este esforzo interpretativo é o que requiren os imaxinarios sociais para ser desentrañados.

Entre os enfoques transdisciplinarios da teoría dos imaxinarios sociais antóllase moi fructífera a súa aplicación ó ámbito da comunicación política. Esta recente disciplina aparece na segunda metade do século XX e non tarda en ser acotada e definida por diversos autores do ámbito sociolóxico e comunicativo principalmente. Trátase dunha perspectiva de carácter interdisciplinario que toma a acción polí-

tica e ós seus actores como base, e que aúna diversas nocións de ciencia política, socioloxía e a denominada *communication research*. María José Canel revisa a consideración da comunicación política dende os seus inicios e achega unha proposta de definición: “A Comunicación Política é o intercambio de signos, sinais, ou símbolos de calquera clase, entre persoas físicas ou sociais, co que se articula a toma de decisións políticas así como a aplicación destas na comunidade”<sup>9</sup>. Juan Ignacio Rospir apunta tamén nesta liña unha definición elaborada máis recentemente: “a comunicación política é unha área interdisciplinaria que ten por obxecto de estudio o papel dos medios de comunicación no proceso político. Está centrada en narrar, estudar e analizar como a política é comunicada e presentada polos políticos e os medios de comunicación ós cidadáns”<sup>10</sup>.

Dende a súa xénese, a disciplina veuse obrigada a soportar un certo desprestixio debido á identificación que algúns investigadores estableceron cos procedementos de persuasión a un grupo social, nun ámbito político, por parte de lobbies e grupos de presión. Esta actividade pertence sen embargo ó marketing político, unha denominación que xorde tamén en torno a 1950 para referirse a un mero fenómeno ou técnica e non a unha ciencia xa que, segundo Lourdes Martín Salgado, “hai demasiados imponderables na comunicación persuasiva como para intentar explicar o fenómeno con principios demostrables e universais”<sup>11</sup>. Asemade, un punto de inflexión na historia da comunicación política constituíno o establecemento da televisión, no último cuarto de século, como o máis representativo e influínte dos medios de comunicación de masas; esta circunstancia permite que o vínculo entre política e *mass media* se estableza por fin dunha maneira sólida. Deste xeito xurdiron os xa considerados cinco eidos clásicos de estudio da disciplina: análise da mensaxe, procesos políticos, accións de comu-

nicación, mediación da mensaxe e efectos da mensaxe.

Todos eles emerxen ó redor dun esquema básico formado por tres elementos -os políticos, a cidadanía e o sistema mediático- e procuran desintrinsicar as relacións que se establecen entre os actores, unhas relacións que se dan nun lugar concreto: a sociedade. Neste punto xorde un problema do que xa se decataron algúns autores, que é o da complexidade social, ó que hai que engadirille a dificultade da consideración do papel dos *mass media* nos procesos comunicativos que nela se dan. Rospir cre que “a elaboración de novas propostas que vaian máis aló das teorías coñecidas e investigacións realizadas contémplese xa como unha necesidade. A comunicación política continúa a principios do século XXI sendo dependente do desenvolvemento mediático e a complexidade social das realidades nacionais que se presenta e investiga”<sup>12</sup>. A procura de novas perspectivas que permitan á comunicación política a explicación dos complexos fenómenos sociais aparece da man da socioloxía e máis concretamente da teoría de sistemas.

As bases da aplicación do funcionalismo sistémico -campo da socioloxía- á estrutura mediática de masas -campo das actualmente denominadas ciencias da comunicación- foron establecidas polo propio Luhmann, que ó longo da súa obra xa fora desgranando certas consideracións sobre a natureza dos *mass media*, pero non é ata a súa publicación nos derradeiros anos da súa vida cando lle dedica un estudio en exclusiva. En *La realidad de los medios de masas*<sup>13</sup> expón as bases para considerar ós medios de comunicación de masas un verdadeiro sistema, produto da evolución da complexidade social. A comunicación, para o sociólogo xermano, é unha forma que se autodesenvolve<sup>14</sup> á que os individuos están acoplados mediante as súas consciencias e a través da linguaxe. O fenómeno comunicativo componse de dous guarismos que revelan o código informa-

ción / non información. Esta binariedade é pois idéntica á que Luhmann lle atribúe ó sistema social, polo que o autor logra establecer o vínculo que precisamos para o campo da comunicación política. Neste sentido, Juan Luis Pintos propón de maneira novedosa esta aplicación ó afirmar que “a realidade construída dende diferentes perspectivas está a ser producida por esta distinción que xera un plano (ou dimensión) de coñecemento que sempre supón outro que permanece oculto. Pero o oculto non é un x incógnito, senón que supón o lado non marcado da distinción ó que é posible pasar dende o lado da relevancia se hai tempo e se aplican as técnicas adecuadas”<sup>15</sup>.

Esta revelación dos imaxinarios latentes nun sistema social dado precisa, nas sociedades contemporáneas, do estudio do seu sistema de comunicacións. Gérard Imbert fala duns imaxinarios sociais baseados na “construcción da realidade no discurso social dende unha perspectiva socio-semiótica, cunha atención especial posta na forma das mensaxes e a súa incidencia nas representacións colectivas”, concepción que resalta o importante papel da imaxe -en tódalas súas formas- no proceso de creación icónica dos imaxinarios, que serían para el “dispositivos formais de tipo simbólico a través dos cales se constrúen as grandes representacións sociais”<sup>16</sup>. Estas representacións sociais son as que van supoñer, no ámbito da comunicación política, diversas tomas de decisión por parte da cidadanía que repercutirán no proceso electoral. Desvelar os imaxinarios dun sistema social concreto esixe a utilización de técnicas variadas de corte cualitativo<sup>17</sup>. Juan Luis Pintos ten desenvolvido unha metodoloxía propia que pasa pola elección dos sistemas político e comunicativo a estudar, a selección dos materiais empíricos socioloxicamente representativos (contidos mediáticos, obras literarias e obras artísticas), a súa análise mediante técnicas específicas, o establecemento e crítica da evidencia mediante un

modelo propio baseado nun eixo de coordenadas e a redacción dun informe final. Para a aplicación do procedemento ó ámbito da comunicación política pódense así mesmo adoptar certas técnicas de investigación de probados resultados como sería a entrevista denominada comunmente “en profundidade” ou os grupos de discusión, principalmente.

## 2. IMAXINARIOS NAS ELECCIÓN PRESIDENCIAIS FRANCESAS DE 2002

Atendendo ós tres eixes que debe abarcar un estudio elaborado dende a perspectiva da comunicación política, os elementos analizados para a análise do acontecido nas eleccións presidenciais francesas de 2002 e a revelación dos imaxinarios latentes nesa sociedade comprenden:

- O sistema político: estudio e descrição das institucións e cargos representativos do estado francés, da lexislación e o procedemento electoral, do panorama de partidos políticos e da historia electoral do país, principalmente.
- O sistema mediático: coñecemento dos diversos medios de comunicación de masas en Francia –atendendo sobre todo ós de difusión estatal– e análise de contidos das mensaxes mediáticas.
- A cidadanía: características xeográfico-administrativas, historia da configuración do estado francés e coñecementos xerais sobre os seus acontecementos sociais máis representativos.

A propia experiencia directa é sempre importante nos procesos cualitativos de investigación; cómpre que o coñecemento do sistema social estudado, neste caso a sociedade francesa, sexa minimamente efectivo por parte do investigador. Os materiais empíricos finalmente seleccionados foron múltiples e de diversa procedencia: obras literarias e obras de divulgación

científica, unha entrevista individual con M<sup>a</sup> Luz Casal Silva<sup>18</sup>, análise de contidos das informacións publicadas en medios de referencia en Francia e en España<sup>19</sup>, información de carácter institucional e resultados electorais oficiais facilitados polo Consello Constitucional (Ministerio do Interior), Constitución da V República e lexislación electoral, entre outros.

### 2.1. Comportamento electoral e actores políticos

Calquera achegamento á análise das últimas eleccións presidenciais celebradas no estado francés debe ter en conta tanto o funcionamento xeral do seu sistema político-electoral coma os datos referidos exclusivamente a esta cita en concreto. Dun xeito sintético, cómpre saber que Francia constitúe hoxe en día un estado de tipo unitario (no que as leis e o sistema xudicial son compartidos de igual maneira en todo o territorio), democrático e republicano, indivisible e laico. A isto hai que engadir, como constituínte elemental dunha definición política do estado francés, que o 26 de agosto de 1789 a súa Asemblea Constituínte votou a Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán<sup>20</sup>, base da Declaración Universal dos Dereitos do Home aprobada pola O.N.U. en 1948. Trátase así mesmo dun réxime de tipo parlamentario e presidencial, pois o presidente da República e o goberno comparten o poder executivo.

Esta dupla circunstancia ofrece dúas figuras mandatarias de máximo rango na xerarquía política: a do mencionado presidente da República e a do primeiro ministro. O presidente é o xefe do Estado, elixido por sufraxio universal directo cada cinco anos, mentres que o primeiro ministro é nomeado tralas eleccións lexislativas. O papel de ambas figuras, a pesar de atoparse explicitado na Constitución da V República<sup>21</sup>, incorre tradicionalmente nunha difusa delimitación de competencias; a

historia e os costumes fóronlle outorgando a cada un os seus cometidos, pero aínda hoxe se producen contradicións entrambos. En todo caso, o presidente controla en último termo as funcións do primeiro ministro e pode condicionar a dimisión do goberno. O goberno francés está formado polo consello de ministros e os secretarios de Estado. O poder legislativo é o que exerce o Parlamento francés, composto da Asemblea Nacional e do Senado.

O acto do voto constitúe en Francia un dereito e non unha obriga<sup>22</sup>, para o que é necesario que o cidadán teña 18 anos ou máis, nacionalidade francesa, non estar privado dos seus dereitos cívicos e atoparse correctamente inscrito no censo electoral. Existen dez tipos de citas electorais con carácter oficial: municipais, elección dos alcaldes, cantonais, rexionais, legislativas, senatoriais, presidenciais, europeas, profesionais e referendos. O punto de partida da historia electoral francesa sitúase, posiblemente, na súa Revolución de 1789 en canto que esta senta unhas bases (non tanto prácticas como teóricas; en todo caso ideolóxicas) impregnadas dun espírito de cambio da disposición social que caracterizara á Francia medieval e renacentista. O descontento da meirande parte da poboación fixo posible o nacemento dun cambio estrutural que tiña como obxectivo primeiro o derrocamento do denominado Antigo Réxime (monarquía de corte absolutista); sen embargo, os cambios producidos trala mencionada revolución desembocaron noutro modelo organizativo de distinto nome pero cun mesmo fondo dictatorial: o Imperio. É neste período, coa redacción da Constitución de 1791, cando xorden os primeiros auspicios: establécese un sufraxio de tipo censatario discriminatorio segundo as posibilidades económicas dos votante, e cun modo de escrutinio indirecto. Non podemos falar dun verdadeiro comportamento electoral da poboación francesa ata que non se estableza o sistema sufraxista universal. Tras un primeiro esbozo na breve Consti-

tución de 1793, non é ata 1848<sup>23</sup> cando os cidadáns galos poden votar por vez primeira mediante un “sufraxio universal” masculino, que é abolido no réxime dictatorial de Vichy e finalmente reinstaurado en 1944. E así mesmo cómpre sinalar que é o establecemento en 1965 do sufraxio universal directo como medio de elección do presidente da República o pulo definitivo para a potenciación da vida electoral francesa.

Tras repasar sinteticamente as claves do acceso á participación electoral en Francia, cómpre ocuparse así mesmo de revisar o eido da orientación política, o segundo gran dominio do estudio do comportamento político, tal e como afirma Frédérique Matonti<sup>24</sup>. As reflexións de Matonti desvelan a existencia dun cidadán cada vez máis concienciado co seu papel fundamental no desenvolvemento dos procesos políticos do país, e cada vez máis consciente do poder de certos comportamentos electorais (sobre todo a «abstención estratéxica», moi importante nas últimas citas presidenciais). A explicitación dos desexos políticos do pobo galo non se dá de pleno ata o período histórico denominado “Liberación”, que se corresponde co final da II Guerra Mundial e podemos datar a *grosso modo* entre 1943 e 1946. Neste momento o panorama de forzas políticas sofre, debido ás circunstancias, unha fonda transformación e aparecen novos partidos como o centro-dereitista MRP de Georges Bidault, a reconstrución da SFIO de Daniel Mayer ou pequenas formacións como a UDSR de Mitterrand e o PCF. Trala marcha do xeneral De Gaulle son MRP, SFIO e o PC os que comparten a hexemonía da representación política. Charles de Gaulle, expresadas as súas ideas constitucionais, crea en 1947 o que constituirá unha forza política elemental en Francia: o RPF, o xermolo das posteriores forzas gaullistas ata chegar á actual UMP.

Atendendo a un posicionamento no eixo dereita-esquerda políticas<sup>25</sup>, podemos

afirmar que nesta primeira etapa electoral ostentan unha maior importancia as forzas de esquerda e centro. Sen embargo, a forte aposta de De Gaulle non tardará en callar entre o electorado; así, dos sete presidentes que a República francesa elixiu a través das urnas, cinco deles pertencen a partidos situados na dereita ou centro-dereita, con predominio gaullista (o 67% dos tres candidatos mellor posicionados na segunda volta é de dereitas). O único presidente de esquerdas na historia das eleccións presidenciais francesas é o carismático François Mitterrand, elixido en 1981 e reelixido en 1988 polo Partido Socialista. O cómputo total de gobernos arroxa unha porcentaxe do 63,6% en favor da dereita. A evidencia amosa que as organizacións políticas de carácter conservador (sobre todo a dereita tradicionalista e o centro-dereita) teñen acadado en Francia máis éxito político, no senso representativo e de acceso ás institucións, que as progresistas. O procedemento habitual é que tanto o presidente da República como o primeiro ministro correspondan á mesma formación política, ou polo menos a formacións situadas preto no eixo dereita-esquerda. Sen embargo, en tres ocasións, ata o día de hoxe, aconteceu o caso contrario<sup>26</sup>.

## 2.2. Símbolos e mitos

A tradición simbolista –moi rica no estado galo– funciona como modo de cohesión dunha República que senta as súas raíces na Revolución de 1789, polo menos dun xeito romántico. Ó longo das súas cinco constitucións, Francia intentou plasmar neses textos certas premisas que os seus cidadáns consideran definitorias do seu “carácter” como pobo. Se ben os seus imaxinarios sociais se veñen fraguando dende moitos séculos antes, a conversión de Francia en República constitúe o punto de inflexión cara a unha rápida dinámica de creación de símbolos identitarios: para reforzar os logros adquiridos durante a

Revolución fíxose necesario fomentar a idea, entre os cidadáns galos, de que era gracias ás magnificencias deste pobo que se efectuaran conquistas tan decisivas para a liberdade. Esta idea faise efectiva a longo prazo a medida que consegue gravarse no subconsciente colectivo dos franceses, pois na práctica a Revolución de 1789 non supuxo un enorme cambio inmediato no modo de vida (o monarca absolutista deu paso a un emperador), como afirma M<sup>a</sup> Luz Casal: “Esa revolución, a pesar de como se quixo presentala segundo o estereotipo, evidentemente non é unha revolución popular, é unha revolución burguesa e de elites concienciadas [...]. Entón, os efectos da revolución prodúcense progresivamente. Eu creo que ata a III República non hai uns efectos”. Como mecanismo para lograr unha mellor interiorización destes valores aludidos, a República<sup>27</sup> xerou diversos símbolos que a cidadanía adoptou facilmente e pronto gozaron dun grande éxito representacional, de feito hoxe en día serven para designar ó estado francés mundialmente. Non todos son de carácter icónico, pero están declarados de forma oficial polo Elíseo: a bandeira nacional, o himno “A Marsellesa”, a festa nacional do 14 de xullo, Marianne (representación antropomórfica da República), o galo, o selo e a máis importante, a divisa “Liberté, Égalité, Fraternité”.

Sen embargo, a definición xeralizadora tradicional de Francia como pobo revélase tremendamente reduccionista, marcada polo “chauvinismo” histórico. O tradicional “país de acollida” e “grandeur” atravesou por unha crise práctica dos seus valores predicados durante dous séculos como definitorios, e así o proban as enquisas que previamente á elección presidencial de 2002 revelaron que a principal preocupación da cidadanía é a inseguridade, relacionada en gran parte coa inmigración, que supón o segundo problema máis importante do momento. Nas visións máis contemporáneas da sociedade francesa

constátase unha palpable tendencia a abandonar, nesta concepción, as divisas idealistas da Revolución. Bernard-Henri Lévy traza, coa súa obra *L'idéologie française*, un retrato globalmente negativo sobre a identidade do pobo francés: "Este país estraño, afastado, mal coñecido, último lugar de exotismo, e todo envolto en brumas, é, nunha palabra, Francia [...]. Ensináronme pacientemente que fomos, nós os franceses, concibidos inmaculados, e milagrosamente inmunizados contra os grandes delirios bárbaros que ensanguentaron a época. Ofrecéusenos desta forma, nun clima de alborozo e de balbucidos encantadores, unha bela terra de ensoño que só encheu o mundo de torrentes de «Felicidade», de «Liberdade», de «Dereitos do Home»"<sup>28</sup>.

### 3. CONCLUSIÓNS. ESTABLECEMENTO DAS RELEVANCIAS E OPACIDADES

A anterior cita presidencial tivera lugar en Francia no ano 1995, da que resultou vencedor con escasa marxe Jacques Chirac –candidato pola formación de corte gaulista RPR– tras enfrontarse na segunda volta co socialista Lionel Jospin. Dous anos máis tarde, Chirac efectúa unha manobra política que resultou errónea: a disolución da Asemblea e a convocatoria de eleccións lexislativas. O que pretendía o presidente era reafirmar o seu mandato nun momento no que o goberno, e el mesmo, gozaban dunha escasa popularidade segundo as enquisas. O resultado foi a vitoria da oposición (o Partido Socialista) e a designación de Lionel Jospin como primeiro ministro, o que deu paso ó que se coñece como a terceira cohabitación en Francia. Os problemas de entendemento entre ambos líderes (sumados ós sumarios abertos contra Chirac por corrupción) complicaron o funcionamento asembleario e provocaron unha situación de descontento e apatía entre os cidadáns galos (que se viu probablemente reflectida na alta absten-

ción rexistrada na primeira volta das presidenciais de 2002)<sup>29</sup>.

A campaña electoral comezou o 5 de abril, cunha primeira particularidade: a elevada presenza de candidatos (16)<sup>30</sup>, entre os que destacaban varios procedentes de escisións de grupos da esquerda. Tras proceder os cidadáns a emitir os seus sufraxios o 21 de abril, as urnas arroxaron un resultado que a sociedade francesa cualificou neste momento de sorprendente, pero que se achacou ó panorama de disgregación –maioritariamente na esquerda–: os dous candidatos que acadaran a maior porcentaxe eran Jacques Chirac (o 19,88%) e Jean-Marie Le Pen (o 16,86%), aínda que este último a pouca distancia de Lionel Jospin (cun 16,18%). A meirande parte dos medios de comunicación, e por extensión a sociedade, supuxera con seguridade unha segunda volta que volvería enfrontar a Chirac e Jospin (a última sondaxe, do 18 de abril, outorgáballe un 19,5% dos votos a Chirac, un 18% a Jospin e a penas un 14% a Le Pen). O ex-presidente e o ex-primeiro ministro foron atacados polo seu pretendido centrismo, ó intentar ambos cos seus programas políticos un achegamento ó electorado máis indeciso e situado no centro do eixe, de tal maneira que se chegaron a descafeinar os principios ideolóxicos de RPR e do PS<sup>31</sup>. Pero inmediatamente os medios de comunicación e toda a sociedade francesa dirixiron as miradas cara a Jean-Marie Le Pen. A vitoria do candidato de ultradereita interprétase dende un primeiro momento como unha enorme sorpresa coa que ninguén contaba (a pesar de que nas anteriores presidenciais lograra en torno a un 15% na primeira volta) pero tamén como unha ameaza. O xornal líder no país galo, *Le Monde*, abría a súa edición do 23 de abril cun titular a seis columnas: "Chirac: «La République est entre vos mains»", e *Libération* exhibía simplemente a palabra "Non" na súa cuberta.

Aínda que ambos candidatos non eran en absoluto descoñecidos para o pobo

galo, a opinión pública comezou a escudriñar as súas biografías, especialmente a de Le Pen, en busca de respostas a este éxito electoral. Desta maneira, a sociedade non só francesa senón tamén europea puido saber que, en síntese, Jean-Marie Le Pen comeza dende a súa etapa de estudante a súa carreira política en grupos de extrema dereita, foi oficial de información en Alxeria (e acusado de torturas), en 1972 funda a Fronte Nacional gracias á fortuna herdada dun amigo seu, en 1974 concorre ás súas primeiras eleccións presidenciais (nas que acadou un 0,7% dos sufraxios) e é a súa primeira aparición televisiva a nivel estatal en 1984 a que consegue difundir o seu programa. Este permanece practicamente invariable dende os inicios, estruturado en torno ó odio exacerbado ós inmigrantes, a defensa da familia tradicional francesa e unha grande obsesión pola seguridade. Nos últimos anos estas ideas fóronse perfilando en proxectos máis concretos, como a saída de Francia da UE, un importante reforzo do exército, a implantación dun modelo de libre acceso ás armas similar ó estadounidense, a expulsión dos inmigrantes, axudas económicas ás familias francesas, restauración da pena de morte, prohibición total do aborto e unha fonda renovación das institucións republicanas. A súa mensaxe rupturista e abertamente populista, alentada polos lemas de campaña (“¿Darlle a palabra ó pobo? Comprométome”) e os seus coñecidos exabruptos (“as cámaras de gas non foron máis que un detalle na historia da Segunda Guerra Mundial”, por exemplo) xa callara nunha boa parte do electorado dende hai uns anos e valeulle o sobrenome de “o pobo”. O votante prototipo da FN en Francia correspóndese cun varón da zona sur con baixo nivel de estudos e afeito a aplicar doadas relacións de causa-efecto ós fenómenos sociais.

Os primeiros movementos de ambos candidatos tras ficar como únicos contendentes á xefatura do Estado foron distintos e con pouca marxe de manobra.

Jacques Chirac apresurouse a aglutinar en torno a si primeiro á esquerda e despois ó resto da clase política, do electorado (a excepción dos extremistas) e incluso a numerosas personalidades estranxeiras. Comezou por crear a UMP (Unión pola Maioría Presidencial), que congregou á RPR xunto con outras forzas da dereita e o centro-dereita como UDF e DL<sup>32</sup>. Pola súa banda, Jean-Marie Le Pen, gratamente sorprendido polo seu paso á segunda volta, puxo especial énfase na máxima difusión e unha certa moderación do seu programa, e acusou a Chirac de fraude electoral. A grande campaña de mobilización en favor do candidato da UMP deu os resultados avanzados polas sondaxes, e o 5 de maio de 2002 Jacques Chirac conseguiu nas urnas o 82,21% dos votos emitidos, a maioría máis absoluta na curta historia das eleccións presidenciais. Pola súa parte, Le Pen logrou a confianza de 5.525.032 franceses (o 17,79%)<sup>33</sup>.

Ferrán Gallego, autor dunha obra interpretativa sobre o ascenso de Jean-Marie Le Pen, cre que “o éxito electoral de Le Pen é un episodio, pero a Fronte Nacional é unha permanencia. [...] Como o fascismo clásico, brota nun tempo de crise e é consciente dese carácter. Aproveita os xacementos da inseguridade que as rupturas históricas espallan no ventre do sistema. [...] E sábeo. E sabe, ademais, que se proxecta sobre a derrota da esquerda, alimentándose ó mesmo tempo do medo de amplos segmentos sociais ás transformacións que esta promete e da imposibilidade práctica de realízalos, o cal deixa a ameaza en suspenso e os problemas sen resolver. O fascismo clásico non se impuxo para vencer á esquerda, senón que chegou ó poder tras neutralizala. A extrema dereita dos nosos días pode recorrer á mesma estratexia. Estao facendo, axitando un discurso espectral que sitúa ó mesmo nivel a Jospin e ó comunismo soviético. Está a facelo sinalando as incoherencias dunha esquerda incapaz de anoar os lazos dunha cohesión protectora, que preserve dos

custos sociais da globalización. Está a facelo prestixiando valores que se identifican cunha alternativa a unha situación que para demasiada xente é insoportable. Está a facelo fabricando mitos de alta densidade que alivian a ansiosa carencia dun sentimento de colectividade. Está utilizando o sufrimento que crea o sistema para levalo ata as súas últimas consecuencias" <sup>34</sup>.

A tese que sostén Gallego coincide coa interpretación á que chegamos gracias á teoría dos imaxinarios sociais tras ter analizado exhaustivamente os materiais empíricos. Perante un modelo en crise (crise en consonancia xeral con Europa e o resto do globo), a tódolos niveis, preséntase un problema en Francia que choca coa interiorizada idea de "país de acollida e igualdade" que os franceses teñen de si mesmos: a inmigración. A fricción cultural e social é palpable. Ó mesmo tempo aumenta a inseguridade cidadá, se ben se demostra que a magnificación discursiva tanto dos medios de comunicación como nos programas e intervencións dos candidatos, para a primeira volta, conseguen inflar a percepción cidadá deste problema. A relación entre ambos é evidentemente doada, e aceptada por unha parte da poboación que presenta carencias educacionais ou que simplemente atopa no voto o medio máis inmediato, e efectivo, de protesta. Todo isto fai mella na conciencia cidadá e consegue facerse un oco no imaxinario social francés. A crise, tamén moral, acentúa a dilución das grandes divisas que antano funcionaron excelentemente como elemento de cohesión (a crecente mestura cultural tamén contribúe á atenuación da cultura francesa tradicional, pois xorden novas opcións procedentes de culturas alleas; algunhas gustan e logran ser interiorizadas polos franceses).

Fronte a este panorama, a mensaxe dos candidatos oficiais é feble, a súa imaxe desgastada, as súas diferencias son apreciadas como practicamente inexistentes e

o seu carisma ausente (en especial o do candidato socialista). Este erra na campaña polo Eliseo e, fronte a esta opción, Le Pen ofreceu unha campaña agresiva, unha promesa dun liderato firmemente asentado na idea de patria; Le Pen converteríase no Moisés que reinstauraría en Francia toda a súa "grandeur", un Napoleón contemporáneo, apelando ós instintos máis primarios dos seus súbditos: o odio e o rexeitamento. Na primeira volta conseguiu o voto do descontento. Perante a emerxencia, os franceses buscaron nos seus imaxinarios esquecidos e lembráronse do que significaban como pobo, e quizais por primeira vez na historia cambiaron o orgullo das súas actuacións pola vergoña. Le Pen, "o pobo", conseguiu volver a aglutinar á práctica totalidade da República, pero para dedicarlle un "non" rotundo na segunda volta.

## BIBLIOGRAFÍA

- BELTRÁN, Miguel (2000), "Cinco vías de acceso a la realidad social", en GARCÍA FERRANDO, Manuel, IBÁÑEZ, Jesús e ALVIRA, Francisco (comps.), *El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación*, Madrid, Alianza (3ª ed. rev.), pp.15-55
- CANEL, María José (1999), *Comunicación política. Técnicas y estrategias para la sociedad de la información*, Madrid, Tecnos
- CAÑEQUE, Carlos (1994), "Teorías y métodos", en PASTOR, Manuel (coord.), *Fundamentos de ciencia política*, Madrid, McGraw-Hill, pp. 79-105
- GALLEGO, Ferran (2002), *Por qué Le Pen*, s.l., El Viejo Topo
- IMBERT, Gérard (2000), "Construcción de la realidad e imaxinarios sociales en los mass medias: la hipervisibilidad moderna", en GARCÍA FERRANDO, Manuel, IBÁÑEZ, Jesús e ALVIRA, Francisco (comps.), *El análisis de la realidad*

- social. Métodos y técnicas de investigación*, Madrid, Alianza (3ª ed. rev.), pp. 605-624
- JENSEN, K.B. e JANKOWSKI, N.W. (eds.) (1993), *Metodologías cualitativas de investigación en comunicación de masas*, Barcelona, Bosch Comunicación
- LÉVY, Bernard-Henri (1981), *L'idéologie française*, París, Grasset
- LUHMANN, Niklas (1983), *Fin y racionalidad en los sistemas: sobre la función de los fines en los sistemas sociales*, Madrid, Editora Nacional
- LUHMANN, Niklas (1991), *Sistemas sociales: lineamientos para una teoría general*, México, Alianza
- LUHMANN, Niklas (1996), *Introducción a la teoría de Sistemas*, México, Universidad Iberoamericana, ITESO e Anthropos
- LUHMANN, Niklas (2000), *La realidad de los medios de masas*, Rubí (Barcelona), Anthropos e Universidad Iberoamericana
- MARTÍN SALGADO, Lourdes (2002), *Marketing político. Arte y ciencia de la persuasión en democracia*, Barcelona, Paidós
- MATONTI, Frédérique (1998), *Le comportement politique des Français*, París, Armand Colin
- BOY, Daniel e MAYER, Nonna (dirs.) (1997), *L'électeur a ses raisons*, París, Presses de Sciences Po
- MUÑOZ-ALONSO, Alejandro e ROSPIR, Juan Ignacio (eds.) (1995), *Comunicación política*, Madrid, Universitat
- ORTÍ, Alfonso (2000), "La apertura y el enfoque cualitativo o estructural: la entrevista abierta semidirectiva y la discusión de grupo", en GARCÍA FERRANDO, Manuel, IBÁÑEZ, Jesús e ALVIRA, Francisco (comps.), *El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación*, Madrid, Alianza (3ª ed. rev.), pp. 219-282
- PINTOS, Juan Luis (1995), *Los imaginarios sociales. La nueva construcción de la realidad social*, Maliaño (Cantabria), Sal Terrae
- PINTOS, Juan Luis e GALINDO, Fermín (2003), "Comunicación política e imaginarios sociales", en *Comunicación Política en televisión y nuevos medios*, Barcelona, Ariel, pp. 111-133
- ROSPIR, Juan Ignacio (2003), "Introducción a la comunicación política", en *Comunicación Política en televisión y nuevos medios*, Barcelona, Ariel, pp. 21-54
- Diarios: *El Mundo* e *El País* (España), *Le Monde* e *Libération* (Francia)

### NOTAS

1. CAÑEQUE, Carlos (1994), "Teorías y métodos", en PASTOR, Manuel (coord.), *Fundamentos de ciencia política*, Madrid, McGraw-Hill, p. 95.

2. CAÑEQUE, Carlos, op. cit., p. 98. Se ben moitos autores insisten en clasificar a Luhmann dentro do funcionalismo, Cañeque vai un paso máis aló ó considerar a teoría de sistemas como un chanzo independente.

3. LUHMANN, Niklas (1996), *Introducción a la teoría de Sistemas*, México, Universidad Iberoamericana, ITESO e Anthropos, p. 28. Esta compilación de leccións maxistrals ou *Vorlesungen* impartidas por Luhmann antóllase moi útil para comprender os fundamentos do funcionalismo sistémico. Pódense consultar tamén, do mesmo autor: *Fin y racionalidad en los sistemas: sobre la función de los fines en los sistemas sociales*, Madrid, Editora Nacional, 1983 e *Sistemas sociales: lineamientos para una teoría general*, México, Alianza, 1991.

4. CAÑEQUE, Carlos, op. cit., p. 98.

5. Juan-Luis Pintos ten investigado exhaustivamente no eido dos imaxinarios sociais, traballo recollido en multitude de artigos e libros publicados; entre eles pódese consultar, para unha panorámica xeral, *Los imaginarios sociales. La nueva construcción de la realidad social*, Maliaño (Cantabria), Sal Terrae, 1995. Na actualidade é o investigador principal do GCEIS (Grupo Compostela de Estudos sobre Imaxinarios Sociais), que funciona dende abril de 2001, adscrito ó Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración da USC.

6. PINTOS, Juan Luis e GALINDO, Fermín (2003), "Comunicación política e imaginarios sociales", en *Comunicación Política en televisión y nuevos medios*, Barcelona, Ariel, p. 118.

7. PINTOS e GALINDO, op. cit., pp. 115-16. O termo "policontextural" é un neoloxismo que

Pintos utiliza recorrentemente na súa obra, tomado dos últimos traballos de Niklas Luhmann. Procede da palabra "contextura" (textura), a diferenza de contexto, e refírese á complexidade social sistémica.

8. BELTRÁN, Miguel (2000), "Cinco vías de acceso a la realidad social", en GARCÍA FERRANDO, Manuel, IBÁÑEZ, Jesús e ALVIRA, Francisco (comps.), *El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación*, Madrid, Alianza (3ª ed. rev.), pp. 43-44.

9. CANEL, María José (1999), *Comunicación política. Técnicas y estrategias para la sociedad de la información*, Madrid, Tecnos, p. 23.

10. ROSPIR, Juan Ignacio (2003), "Introducción a la comunicación política", en *Comunicación Política en televisión y nuevos medios*, Barcelona, Ariel, p. 21. Cfr. tamén MUÑOZ-ALONSO, Alejandro e ROSPIR, Juan Ignacio (dirs.), *Comunicación política*, Madrid, Universitat, 1995. Alejandro Muñoz-Alonso, profesor de Opinión pública, foi un pioneiro dos estudos de comunicación política en España (en 1981 fundou o Seminario de comunicación política na Facultade de Ciencias da Información da Universidade Complutense de Madrid).

11. MARTÍN SALGADO, Lourdes (2002), *Marketing político. Arte y ciencia de la persuasión en democracia*, Barcelona, Paidós, p. 47. O desenvolvemento do marketing político -técnicas persuasivas para cun electorado- orixináse nos Estados Unidos (debido entre outros motivos ó seu modelo presidencial, á súa grande extensión xeográfica e ó bipartidismo, o que propicia campañas electorais moi intensas por todo o país) e estas prácticas non se importaron a outros países ata o final do século pasado.

12. ROSPIR, Juan Ignacio, op. cit., p. 52.

13. LUHMANN, Niklas (2000), *La realidad de los medios de masas*, Rubí (Barcelona), Anthropos e Universidad Iberoamericana. Trátase da edición en castelán de *Die Realität der Massenmedien* (1996).

14. Niklas Luhmann acude ás teorías sobre a forma do matemático inglés George Spencer Brown.

15. PINTOS e GALINDO, op. cit., p. 115.

16. IMBERT, Gérard (2000), "Construcción de la realidad e imaginarios sociales en los mass medias: la hipervisibilidad moderna", en GARCÍA FERRANDO, Manuel, IBÁÑEZ, Jesús e ALVIRA, Francisco (comps.), *El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación*, Madrid, Alianza (3ª ed. rev.), p. 605.

17. Para unha panorámica de investigación no

campo comunicativo vid. por exemplo JENSEN, K.B. e JANKOWSKI, N.W. (eds.) (1993), *Metodologías cualitativas de investigación en comunicación de masas*, Barcelona, Bosch Comunicación.

18. Trátase dunha entrevista individual aberta semidirectiva (ou en profundidade), segundo terminoloxía empregada por Alfonso Ortí (ORTÍ, Alfonso [2000], "La apertura y el enfoque cualitativo o estructural: la entrevista abierta semidirectiva y la discusión de grupo", en GARCÍA FERRANDO, Manuel, IBÁÑEZ, Jesús e ALVIRA, Francisco [comps.], *El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación*, Madrid, Alianza [3ª ed. rev.], pp. 271-274). Mª Luz Casal Silva é profesora adscrita ó Departamento de Filoloxía Francesa e Italiana e imparte, entre outras, a materia "Historia e cultura francesas"; é unha experta coñecedora da cultura e a política francesas e seguiu con atención as eleccións presidenciais de 2002. Tódalas citas atribuídas a Mª Luz Casal foron extraídas da mencionada entrevista, realizada pola autora deste artigo o 16 de xullo de 2003.

19. Diarios españois *El Mundo* e *El País* do xoves 18 ó mércores 24 de abril de 2002 (semana da 1ª volta) e do xoves 2 ó mércores 8 de maio de 2002 (semana da 2ª volta). En canto ós diarios franceses, debido ó grande volume publicado sobre as eleccións, só realicei análise exhaustiva de tódalas informacións aparecidas en *Le Monde* correspondentes á semana da 2ª volta, o que supuxo 6 exemplares analizados, xunto cos correspondentes suplementos.

20. O texto recolle os principios propugnados polos filósofos do Século das Luces e enumera os dereitos esenciais de todo ser humano (liberdade, seguridade, igualdade de dereitos, liberdades de pensamento, relixión, expresión e acceso ó traballo), que serven de base á elaboración das constitucións modernas.

21. Títulos II ("Le Président de la République") e III ("Le Gouvernement") respectivamente. Trátase do texto aprobado o 4 de outubro de 1958 resultante, en último lugar, das leis constitucionais do 25 de marzo de 2003 e do 28 de marzo de 2003.

22. Noutros estados francófonos, como Bélxica ou Luxemburgo, a abstención electoral non xustificada constitúe unha infracción legal penada.

23. II República, baixo o mandato de L. Napoleón Bonaparte.

24. MATONTI, Frédéric (1998), *Le comportement politique des Français*, Paris, Armand Colin. Esta autora traça unha completa análise

que esboza os pilares básicos para un interesante estudio do electorado galo, unha ampla materia que se enmarca nun campo de estudio de carácter interdisciplinario. Matonti recorre tamén á ciencia política, fundamentalmente á obra diversa de Max Weber e Pierre Bourdieu, ás novas socioloxías, ós interaccionistas americanos ou á historia social, e lémbraunos que a meirande parte dos esquemas analíticos da ciencia política francesa beben de fontes anglosaxonas. Para unha visión completa do tema non cómpre esquecer os capítulos 3, 5, 6, 7, 8 e 11 da obra citada.

**25.** A orixe das denominacións políticas “dereita” e “esquerda” sitúase no 11 de setembro de 1789, cando os partidarios da monarquía se agruparon á dereita do presidente da Asemblea Nacional Constituínte, polo que esta expresión se refire ós defensores da orde e a tradición (partidos conservadores); a esquerda fai referencia ó contrario. Sobre o posicionamento político (tanto dos partidos como dos electores) nun eixo dereita-esquerda fala tamén Matonti: “O posicionamento nun eixo esquerda-dereita en sete categorías é o homólogo da medida de identificación partidaria das investigacións anglosaxonas. [...] Simplemente, e poñendo así fin ó que certos traballos anglosaxones diagnosticaran como unha «excepcionalidade francesa», Annick Percheron demostrou como «a dimensión esquerda-dereita enche [en Francia] a función asegurada nos outros [países] polas divisións partidarias»” (Frédérique Matonti, op. cit., pp. 49-50.). Nonna Mayer, do CNRS francés, aborda así mesmo a cuestión dereita-esquerda na introducción do estudio realizado sobre as eleccións presidenciais de 1995 e chega á conclusión de que “a división esquerda-dereita continúa a estruturar as eleccións políticas dos franceses. O 98% das persoas interrogadas en 1995 [Mayer refírese á enquisa do CEVIPOF efectuada por SOFRES ó día seguinte da segunda volta da elección presidencial de 1995, base desta obra analítica] aceptan situarse na escala clásica da SOFRES en sete posicións.” (BOY, Daniel e MAYER, Nonna [dirs.] [1997], *L'électeur a ses raisons*, París, Presses de Sciences PO, pp. 14-15).

**26.** A denominada “cohabitación” constitúe un dos fenómenos máis curiosos do sistema político francés, e é un fallo de previsión por parte dos autores da Constitución e do mesmo Charles De Gaulle. A posibilidade de que saíse elixido un goberno politicamente oposto ó presidente da República fíxose efectiva en 1986, cando o socialista François Mitterrand se topou,

tralas legislativas, cunha Asemblea na que os dous partidos de dereita (RPR e UDF) son maioritarios. Nese momento os franceses asumiron a súa primeira cohabitación (ata o ano 1988), reiterada de 1993 a 1995 con Édouard Balladur (RPR-UDF) como primeiro ministro. A última cohabitación ata o momento aconteceu baixo o mandato de Jacques Chirac, quen tras disolver o Parlamento e convocar eleccións legislativas tivo que compartir o goberno de Francia co socialista Lionel Jospin (de 1997 a 2002). Esta particularidade do sistema causou certa preocupación nun primeiro momento perante a posibilidade dunha paralización institucional; o tempo demostrou o contrario, e hoxe en día os analistas tenden a considerala beneficiosa pois actúa como dinamizadora política, fomenta o debate e evita a monotonía electoral (que desemboca nun aumento da abstención).

**27.** Un papel fundamental neste proceso xogouno a centralización de corte xacobino, que conseguiu afogar as diversas e ricas manifestacións lingüísticas que compoñían o seu territorio, o que axudou á aceptación e interiorización dos símbolos nacionais de modo uniforme (proceso que se desenvolve a través da linguaxe).

**28.** LÉVY, Bernard-Henri (1981), *L'idéologie française*, París, Grasset, pp. 9-10.

**29.** O diario *El País* serve como útil clave para comprender as circunstancias que rodearon ás eleccións de 2002 en Francia, pois realiza unha análise da sociedade gala dende un punto de vista predominantemente externo. Na noticia asinada por Octavio Martí (“Los franceses acudirán mañana a las urnas con escaso entusiasmo para elegir presidente”, en *El País*, 20 de abril de 2002, p. 3) apúntase que os cidadáns franceses “nunca tiveran perante si tantos candidatos (16) pero tamén nunca a opinión pública se declarara tan pouco interesada (un 54%) pola campaña [...]. O escaso entusiasmo dos franceses explícase por diversas razóns: porque os dous favoritos xa foron os candidatos que alcanzaron a segunda volta en 1995; porque o contexto internacional (atacados do 11 de setembro, guerra en Afganistán, guerra en Oriente Próximo) relativiza a importancia dos comicios franceses; porque progresou a conciencia de que a política gala depende da engranaxe comunitaria, e, sobor de todo, porque o presidente saínte, o gaullista Jacques Chirac, e o ata o de agora primeiro ministro, o socialista Lionel Jospin, gobernaron xuntos durante os últimos cinco anos. Unha cohabita-

ción tan longa e con tan escasos enfrontamentos tendeu a borrar as diferencias entre os dous rivais”.

**30.** Relación de candidatos oficiais: Bruno Mégret (MNR), Corinne Lepage (CAP 21), Daniel Gluckstein (PT), François Bayrou (UDF), Jacques Chirac (RPR), Jean-Marie Le Pen (FN), Christiane Taubira (PRG), Jean Saint-Josse (CPNT), Noël Mamère (Les Verts), Lionel Jospin (PS), Christine Boutin (escisión UDF), Robert Hue (PCF), Jean-Pierre Chevènement (MDC), Alain Madelin (DL), Arlette Laguiller (LO) e Olivier Besancenot (LCR).

**31.** Un artigo de Serge July (director de *Libération*), publicado o mesmo día da celebración da primeira volta en *El Mundo* (p. 22), serve de perfecta síntese do que naquel momento era a visión predominante no mundo político e cultural francés. July afirmaba que “o profundo sopor que desprende a campaña electoral non debe ocultar o moito que nos xogamos nela [...]. Nesta ocasión, os lectores non terán que decidir, porque a elección xa a fixo a cohabitación e a súa elección imponse ó conxunto do electorado. E unha primeira volta privada da súa principal función non serve para nada. [...] Por moitos contrincantes que teñan, ningún destes será capaz de disputar o predominio dos dous finalistas”.

**32.** Cfr. BORDENAVE, Yves, e MANDRAUD, Isabelle, “La révolte anti-Le Pen, la recomposition de la droite”, en *Le Monde*, 24 de abril de 2002, p. 2; FRADE, Cristina, “El centro derecha francés crea un partido único para Chirac”, en *El Mundo*, 24 de abril de 2002, p. 18; MONTVALON, Jean-Baptiste, “Les partisans de Jacques Chirac annoncent la création de l’Union pour la majorité présidentielle (UMP)”, *Le Monde*, 25 de abril de 2002.

**33.** M<sup>a</sup> Luz Casal interpreta desta maneira os resultados: “Chirac tampouco alcanzou o 20% na primeira volta; é que os franceses estaban bastante fartos del. Pero tampouco lles atraía sobremaneira a alternativa natural que sería Jospin. O cal explica que ningún dos dous alcanza o 20%. Pero como Le Pen xa viña arrastrando dende fai anos e anos arredor dun 15% do voto a nivel nacional, ten sobre un 17%, é dicir, consegue rabuñar un 2% máis de xente que está contra o sistema. Entón, ó meu modo de ver non é tanto a subida da Fronte Nacional, que finalmente é unha subida mínima, como o afundimento total e absoluto dos outros dous, en especial do Partido Socialista”.

**34.** GALLEGO, Ferran (2002), *Por qué Le Pen*, s.l., El Viejo Topo, p. 21.